



Sen novidade na fronte? Isto vese mal

Description

Dende que os rusos repregaron as súas tropas das provincias de Kyiv e Chernihiv a situación nas fronteas de guerra en Ucraína non coñeceu cambios importantes. Os rusos seguen ocupando o 20 por cento do territorio de Ucraína, que tomaron nos primeiros días e semanas da actual invasión aberta. Intensificaron os seus ataques na zona de Donbás sen lograr éxito definitivo. Tomaron control sobre as cidades estratéxicas de Siverodonetsk e Lysychansk, podendo dicir que cumpriron coa tarefa de “liberar” toda a provincia de Luhansk (fáltanlles pedazos do seu territorio pouco significantes), na provincia de Donetsk seguen onde comezaran.

Ucraína tivera a esperanza de que, coa chegada en xullo do groso das armas prometidas por Occidente, podería cambiar ao seu favor o curso da guerra. Os militares mesmo revelaron que recibiran a orde do presidente de comezar a recuperación dos territorios ucraínos no sur (aínda que pouco profesional de militares, deixar saber ao público cales son os seus plans antes de comezar a operación). Cos sistemas norteamericanos de alta precisión HIMARS lograron causar moitas perdas aos rusos, destruindo almacéns de munições, pero para poder avanzar faltan moitos máis HIMARS e outras armas, que non chegan con suficiente rapidez. En agosto anunciouse a recuperación de catro a cinco decenas de poboacións no sur, pero trátase de “localidades de catro casas”, segundo dixo un asesor militar á Oficina do presidente, que se atopan na estepa plana e será difícil mantelas se o inimigo contraataca. En Kherson, a capital provincial máis importante tomada polos rusos, non senten ao parecer moi ameazados despois da destrución polos ucraínos das pontes sobre o Dniro, seguen tratando de convencer á poboación local cos seus carteis que “Rusia está aquí para sempre”, do mesmo xeito que no resto dos territorios ocupados. É posible que en setembro se celebren aquí “referéndums” sobre a incorporación destes territorios a Rusia, como sucedeu en 2014 en Crimea, pero a estas alturas, Rusia pórtase xa coma se fose o seu territorio, instala as súas administracións, descarta todo o ucraíno coma se o estado ucraíno non existise nunca.

Este é o cambio cualitativo na actitude do Kremlin actualmente: xa non fala de protexer a pretendida “integridade” das “repúblicas de Donetsk e Luhansk” ou de “desnazificación” e “desmilitarización” de Ucraína, agora quere que o mundo recoñeza ou acepte que está a poñer orde en territorios sobre os que Rusia ten dereito a exercer o seu control. Segue sendo a “política” de bandido da rúa: “este barrio é meu, aquí mando eu”, só que non se trata de barrios senón de países e nacións e a arma con que o bandido ameaza non é un bate senón foguetes que poden levar carga nuclear. Segue sendo un vándalo aínda que descubra que, aparentemente, o seu modus operandi é similar ao do primeiro emperador ruso, Pedro I: pelexou contra todos os seus veciños conquistando saídas aos mares e, segundo historiadores oficiais, non “arrebataba” nada a ninguén, senón “acrecentaba” o seu. Un debería ver o compracido que se mostraba Putin pronunciando isto ante as cámaras despois de visitar a exposición dedicada ao 300 aniversario do monarca bárbaro e denominada “O nacemento do imperio”. O que está a facer non é agredir, senón recuperar o conquistado polos emperadores rusos. Restablecendo o século XVIII no século XXI, impondo a forza sobre o dereito.

A pregunta é se a Rusia de Putin ten a capacidade de seguir chantaxeando ao mundo con esta presión basta. A resposta é lamentablemente que si. Díxoo Putin o mes pasado e é verdade: aínda non o comezaron a facer en serio. Non se

mobilizou toda a forza militar de Rusia. Están implicadas todas as forzas armadas, terrestre, aérea e marítima, pero non se usan as mellores armas nin a mellor tropa en Ucraína. A mobilización xeral non se produciu nin en maio, nin en xullo, contra todas as expectativas. Aínda levan a cabo mobilización encuberta, recrutando soldados por contrato como carne de canón.

Para conseguir tal carne de canón Rusia ten suficientes rexións en depresión. Un soldado por contrato cobra 200 000 rublos (máis de 3 200 dólares) ao mes, e é un salario que dificilmente se pode conseguir na vida civil. Fronte aos soldos de miseria, que a miúdo non alcanzan para pagar as mínimas necesidades da vida diaria. Visto isto, ben vale a pena arriscar a vida, incluso a morte pode beneficiar aos familiares sobreviventes: recibirán 1 millón de rublos polo caído (por un soldado caído oriúndo de Moscova págase 7 veces máis).

Tomando en conta que se recruta de preferencia en rexións periféricas ou poboadas por etnias non rusas (ultimamente a forza militar privada Wagner, próxima a Putin, recruta a convictos), enténdese que Moscova tráteos como material desbotable. Se a contenda prolóngase, non serían moita perda, mentres que Ucraína seguirá sendo destruída. Xa perdeu máis de 10 millóns de persoas como refuxiados, case un cuarto de toda a poboación, a súa volta faise cada vez máis difícil na medida de que o seu país queda devastado polo agresor desapiadado: non terán vivenda, traballo, alimentos... Rusia, mesmo se sofre unha derrota definitiva e deixa todos os territorios ocupados, retirarase a un país intacto, xa que as armas occidentais que farán posible a vitoria de Ucraína, teñen a prohibición de seren usadas contra obxectivos no territorio ruso.

Recentemente Putin fixo saber a través dos poucos políticos estranxeiros que aínda se comunican con el, que existen posibilidades para negociar sobre Ucraína. Obviamente, se se chegase a negociar, non se trataría de resolver o conflito, senón de obter un recoñecemento do que ocupou ata hoxe, logo continuaría o seu avance contra Occidente. Conviríalle unha pausa para recompoñer as súas forzas, pero non se sente débil como para non seguir. Malia todas as sancións e outras medidas tomadas contra o agresor, o que está a pasar sigue sendo resultado da súa mala vontade. A forza do matón que quere someter novos barrios ao seu control (ou recuperar o dominio do que tiñan aqueles a quen el considera os seus antecesoros) aínda se “respecta”, co mesmo respecto que coñece a tradición criminal rusa: “tesme medo, entón respéctasme”.

O perigoso de tratar de facer fronte ao matón agresor de maneira civilizada, adestándolle golpes con gran desprezo para que el séntao e retirese avergoñado, consiste en que esta situación alenta a outros agresores potenciais. As recentes tensións entre China e Taiwán, Kósovo e Serbia, Acerbaixán e Alto Karabáj teñen outra natureza e, quizá xusto por isto, poden provocar “solucións con aplicación de forza”: se a Putin toléranlle tanta violencia brutal, non se atreverán a dicirnos nada a nós”.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa

ETIQUETAS

Galicia Ucraína internacional

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Relacións Internacionais

Date Created

Agosto 2022

Meta Fields

Autoria : 12106

Datapublicacion : 20220816